



| Guía Docente          |  |                    |  |          |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |  | 2017/18  |
| Asignatura (*)        | Deseño de Recursos Informativos en Web   | Código             | 710G02039                                      |          |
| Titulación            | Grao en Información e Documentación  |                    |  |          |
| Descritores           |  |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre  | Cuarto             | Optativa                                       | 6        |
| Idioma                | CastelánGalegoInglés   |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |  |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |  |          |
| Departamento          | Computación  |                    |  |          |
| Coordinación          | Rodríguez Luaces, Miguel   | Correo electrónico | miguel.luaces@udc.es                           |          |
| Profesorado           | Rodríguez Brisaboa, Nieves<br>Rodríguez Luaces, Miguel   | Correo electrónico | nieves.brisaboa@udc.es<br>miguel.luaces@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |  |          |
| Descrición xeral      | <p>A formidable expansión, acontecida nos últimos anos, do uso de Internet en xeral, e das tecnoloxías web en particular, ven de revolucionar o xeito en que temos acceso á información que precisamos. A web simplificou enormemente o acceso a inxentes cantidades de datos desde calquera punto do planeta; mais complicou tamén a asimilación e selección da información que se necesita de entre toda a dispoñíbel.</p> <p>O obxectivo fundamental desta asignatura é o de dotar aos estudantes coa capacidade de deseñar recursos de información facendo uso das tecnoloxías web, cunha axeitada organización da información que permita a adecuación dos recursos ás necesidades dos usuarios.</p> <p>Con esa fin, serán proporcionados aos estudantes os fundamentos tecnolóxicos necesarios para coñecer as capacidades proporcionadas polas tecnoloxías web, e dotalos ao tempo dunha certa independencia no seu manexo. E serán analizadas arquitecturas, técnicas e recomendacións de deseño, organización e presentación de sitios web, facendo especial énfase no concepto de usabilidade.</p> |                    |  |          |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A1                                  | Coñecemento da natureza da información e dos documentos, dos seus diversos modos de produción e do seu ciclo de xestión, dos aspectos legais e éticos do seu uso e transferencia, e das fontes principais de información en calquera soporte, e ao longo do tempo.                                      |
| A3                                  | Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a creación e eutentificación, reunión, selección, organización, representación, preservación, recuperación, acceso, difusión e intercambio, e avaliación da información e dos recursos informáticos. |
| A4                                  | Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos para o estudo, a análise, a avaliación e a mellora dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica.  |
| A5                                  | Coñecemento e aplicación das tecnoloxías da información que se emprega nas unidades e servizos de información e nos procesos e transferencia da información.  |
| B6                                  | Capacidade de análise e de síntese aplicada á xestión e organización da información   |
| B7                                  | Capacidade da xestión da información relevante  |
| B8                                  | Capacidade de uso e adaptación de diversas técnicas de comunicación oral e escrita cos usuarios da información  |
| B9                                  | Habilidades no uso de software xenérico   |
| C2                                  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4                                  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras   |
| C5                                  | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas a os que deben de enfrontarse  |
| C6                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida   |



|     |  |
|-----|--|
| C7  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |
| C8  | Aprender a aprender  |
| C9  | Resolver problemas de forma efectiva   |
| C10 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo   |
| C11 | Traballar de xeito autónomo con iniciativa   |
| C12 | Traballar de xeito colaborativo  |
| C13 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional  |
| C14 | Comunicarse de xeito efectivo nun contorno de traballo   |
| C15 | Capacidade de organización e planificación do traballo propio  |
| C16 | Capacidade de integración en equipos multidisciplinares  |
| C18 | Capacidade para a adaptación a cambios no contorno   |

| Resultados da aprendizaxe                                   |  |                      |  |
|---|--|----------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe                                   | Competencias / Resultados do título  |                      |  |
|   | Deseñar recursos de información facendo uso das tecnoloxías web, cunha axeitada organización da información que permita a adecuación dos recursos ás necesidades dos usuarios. | A1<br>A3<br>A4<br>A5 | B6<br>B7<br>B8<br>B9   |
| Coñecer as capacidades proporcionadas polas tecnoloxías web | A1<br>A3<br>A4<br>A5   | B6<br>B7<br>B8<br>B9 | C2<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C11<br>C12<br>C13<br>C14<br>C15<br>C16<br>C18 |



|  |    |    |     |
|--|----|----|-----|
| Coñecer arquitecturas, técnicas e recomendacións de deseño, organización e presentación de sitios web, facendo especial énfase no concepto de usabilidade. | A1 | B6 | C2  |
|  | A3 | B7 | C4  |
|  | A4 | B8 | C5  |
|  | A5 | B9 | C6  |
|  |    |    | C7  |
|  |    |    | C8  |
|  |    |    | C9  |
|  |    |    | C10 |
|  |    |    | C11 |
|  |    |    | C12 |
|  |    |    | C13 |
|  |    |    | C14 |
|  |    |    | C15 |
|  |    |    | C16 |
|  |    |    | C18 |

| Contidos                  |   |
|---------------------------|---|
| Temas                     | Subtemas  |
| Introdución               | Conceptos básicos de informática necesarios para entender o resto dos contidos da asignatura.   |
| Fundamentos. Tecnoloxías. | A linguaxe HTML.<br>Follas de estilos CSS.  |
| Deseño de sitios web      | O proceso de deseño web.<br>Organización e exploración de sitios web.<br>Elementos para o deseño.<br>Principios básicos de deseño.<br>Accesibilidade web. |
| Conceptos avanzados       | Ferramentas de publicación: xestores de contidos, wikis e blogs<br>HTML dinámico.<br>Aplicacións web.<br>Plugins.   |

| Planificación          |   |   |                         |              |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A1 A3 B6 B7 B8 C4<br>C5 C6 C7 C8 C9 C10                             | 21                                      | 0                       | 21           |
| Traballos tutelados    | A1 A3 A4 A5 B6 B7<br>B8 B9 C2 C10 C11<br>C12 C13 C14 C15<br>C16 C18 | 21                                      | 70                      | 91           |
| Proba mixta            | A1 A3 A4 A5 B6 B7<br>B8 C4 C5 C6 C9 C10<br>C11 C13 C14 C15          | 0                                       | 35                      | 35           |
| Atención personalizada |   | 3                                       | 0                       | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |            |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
|              |            |



|                     |  |
|---------------------|--|
| Sesión maxistral    | Exposición, por parte dos docentes, de contidos nunha aula convencional, incluíndo demostracións do uso de ferramentas TIC |
| Traballos tutelados | Realización de traballos, individualmente ou en grupo, baixo a supervisión dos docentes                                    |
| Proba mixta         | Realización dunha proba escrita para demostrar os coñecementos e competencias adquiridos en relación á materia             |

### Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición                                    |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Resolución de dúbidas en horario de titorías. |

### Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias / Resultados                                  | Descrición  | Cualificación |
|---------------------|--|---|---------------|
| Traballos tutelados | A1 A3 A4 A5 B6 B7 B8 B9 C2 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C18 | Avaliarase a adecuación ás pautas marcadas (contido e presentación), a aplicación dos coñecementos adquiridos, a coherencia entre a proposta e o seu desenvolvemento, as iniciativas, a resolución de problemas, fontes e bibliografía utilizada, e a entrega do traballo no prazo establecido.<br><br>Realizarase unha presentación oral do traballo que tamén se terá en conta na avaliación. | 60            |
| Proba mixta         | A1 A3 A4 A5 B6 B7 B8 C4 C5 C6 C9 C10 C11 C13 C14 C15       | Proba escrita na que deben ser demostrados os coñecementos e as competencias adquiridos   | 30            |
| Sesión maxistral    | A1 A3 B6 B7 B8 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10                       | Avaliarase a participación e achegas de interese por parte dos estudantes, así como a resolución e entrega des exercicios curtos que se propoñan na presentación dos diferentes temas   | 10            |
| Outros              |  |   |               |

### Observacións avaliación

#### PRIMEIRA OPORTUNIDADE

Para aprobar a materia é obrigatorio:

Unha NOTA MÍNIMA de 3 (sobre 6) nos traballos tutelados. Unha NOTA MÍNIMA de 1,5 (sobre 3) na proba mixta. De non obter a nota mínima nos traballos tutelados ou na proba mixta, a nota máxima global da materia non será superior a un 4,9.

Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudante que non realice a proba mixta.

#### SEGUNDA OPORTUNIDADE

Poderán presentarse á segunda oportunidade ÚNICAMENTE aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. A recuperación de cada unha das partes farase da seguinte forma:

Traballos tutelados (60% da nota final): realización e presentación nas mesmas condicións que na primeira oportunidade. Proba escrita teórica e práctica (40% da nota final): para recuperar a nota da proba mixta e das sesións maxistrais. Se un/unha estudante decide non realizar a recuperación dalgunha das partes, conservará a nota obtida na primeira oportunidade nesa parte.

Os/as estudantes que non acaden a nota mínima nos traballos tutelados ou na proba mixta na primeira oportunidade deberán recuperalos obrigatoriamente na segunda oportunidade para aprobar a materia.

Para aprobar a materia na segunda oportunidade é obrigatorio obter unha nota mínima de 3 sobre 6 no traballo tutelado, e de 2 sobre 4 na proba mixta.

Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudante que non opte á recuperación de ningunha dúas partes.

#### DISPENSA ACADÉMICA

Aqueles/as estudantes con matrícula a tempo parcial e dispensa académica que lles exima da asistencia ás clases poderán, en primeira oportunidade, demostrar o seu coñecemento da materia mediante un exame teórico e práctico que valerá o 40% da nota e entregar os traballos tutelados. Para a segunda oportunidade, as condicións son as mesmas que as do resto do alumnado.



## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | - Zeldman, J. (2003). Diseño con estándares web. Anaya Multimedia<br>- Powell, T. (2001). Diseño de sitios web. Osborne McGraw-Hill |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |   |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Informática Aplicada/710G02004  
Informática Documental/710G02015  
Bases de Datos Documentais/710G02025

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Bibliotecas Dixitais/710G02036

### Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías